

EXPORTACIÓN DE TALENTO

Trinque de literatura galega en Italia

Redacción . Consegur que os editores italianos se animen a traducir libros galegos. Eis un dos obxectivos dunha nova iniciativa da Universidade de Perugia, que tenta xunquir o talento cultural europeo aproveitando as novas canles de comunicación.

01.09.2011 | 11:23



Anxos Sumai

[Insula Europea](#) contén reseñas dos libros galegos Pirata, de María Reimóndez; Un tipo listo, de Xosé Monteagudo; Spam, de Francisco Castro; A Veiga é un tempo distinto, de Eva Moreda, e Así nacen as baleas, de Anxos Sumai. Xunta a eles, o equipo académico italiano serve de "correa de transmisión" entre a creación literaria europea e os axentes editores do país mediterráneo.

Na web que dirixe o profesor da Universidade de Perugia Carlo Pulsoni tamén hai subliñados de autores da Lusofonía, caso dos brasileiros Ana María Machado, Fernando Morais ou o

angolano Pepetela. Alén deles, autores franceses, neerlandeses, checos, romaneses...

Esta iniciativa cultural busca un meirande intercambio cultural en Europa, en cumprimento do ideario da UE de identificación mutua e coñecemento continental co ánimo do fortalecemento cultural mutuo, algo moi deficitario na construción europea nos últimos anos. Os expertos que colaboran no proxecto ofrécense a traducir fragmentos a pedimento das editoriais co fin de que se multipliquen as traducións de obras que os promotores da web consideran "dignas de coñecerse alén das fronteiras de Galiza".